



Sección Sindical PSA-Peugeot-Citroën

# SETE TAZAS

Vigo, 27 de Maio de 2009

No día de hoxe, e de novo con carácter “urxente”, a Dirección convócanos ós Sindicatos para informarnos que o pedido do mes de Xullo agora vese incrementado noutros 2000 vehículos C-4 a máis, e como alguén debe entender que o corpo dos traballadores e traballadoras desta planta son especiais, propoñen que nese período alonguemos a xornada 2 horas na quenda de tarde de luns a xoves.

Que queremos carga de traballo, esta fóra de toda dúbida, pero que se racionalicen as producións tamén. Por iso a C.I.G. esixiu responsabilidade a todos nas súas funcións.

Na Planta de Vigo fai uns meses, cando o escenario era de alta produción, argumentábase que as medidas como os sábados de 9 horas... a sexta xornada na quenda de noite etc, etc, eran de carácter conxuntural.

Hoxe, con máis de 2000 traballadores/as que deixaron a fábrica, non so se vota man dos mesmos mecanismos “excepcionais” como os dos sábados de 9 horas, senón que ademais pretenden que a xornada diaria na quenda de tarde sexa **de 10 horas**.

Di a empresa que hai unha parte de voluntarios... Nós os traballadores, sempre xenerosos, incluso sabendo das dificultades que temos para realizar o postos, debemos pararnos a reflexionar, e se hai máis coches para facer, débense articular as medidas organizativas que correspondan, como poden e deben ser, a subida de cadencias e crear emprego. Do contrario o que se pretende e seguir poñendo a proba o grao de submisión dos traballadores/as.

“SONDEO”

Agora para viaxar as profundidades da flexibilidade, a Dirección consciente do nivel de deterioro no que se vén entrando nos últimos meses en materia de flexibilidade e das condicións de traballo, recorre á “sondaxe”, é dicir, que as súas medidas ó contar coa discrepancia sindical, botan man do corpo a corpo, Mando-Traballador para conquistar o beneplácito deste.

Reiteramos, incluso para beneficio da calidade dos nosos produtos, que planifiquen pensando en que, os que teñen que traballar son persoas. POLO EMPREGO, NON Ó ALONGAMENTO DE XORNADA.

## Confederación Intersindical Galega